

A portrait of a woman with long dark hair and bangs, wearing a black top and a silver necklace. She is looking directly at the camera. The background is a blurred outdoor scene with greenery and a white railing.

Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

5

**Susana
Rodríguez
Barcia**

Edición

Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección

Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística

Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión

Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2025

D.L

VG 291-2025

ISBN

978-84-1188-063-3

Autora das fotografías

Charo Lopes

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española
para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT),
Ministerio de Ciencia, Innovación e
Universidades

Susana Rodríguez Barcia

Nunha marea de silencios e pensamentos intensos,
unha nena miraba a maxia de falar
e entenderse cos demais.
Non sabía que, anos despois, isto sería o que estudaría.

Medrou entre libros cheos de historias
e máquinas que facían copias do mundo.
Así aprendeu a amar as palabras,
que serven para crear e cambiar as cousas.
Pero dicilo en voz alta? Iso era máis difícil!
Tiña medo de que se risen dela, de non estar á altura.
Por iso quedou calada moito tempo.

Ata que un día, sen darse conta,
xa estaba escribindo o seu propio camiño.

—Que che gustaba cando eras pequena?

Sempre me fascinou como a xente falaba.

Gustábame escoitar conversas,

ver como se comunicaban

e como se entendían sen falar.

Tamén me encantaban os libros e as fotocopiadoras.

Pensaba que eran maxia!

—Sabías que querías ser escritora?

Si, pero non o dicía en alto

porque tiña medo a que se risen de min.

Parecía máis seguro ser profesora na universidade.

—Quen te inspirou?

Tiven profesores moi importantes na miña vida.

Un deles recitábame poemas e fíxome amar a **literatura**.

Tamén os meus pais e compañeiros de universidade me axudaron a escoller o camiño da investigación.

literatura

Forma de expresar sentimentos, e contar historias reais ou imaxinadas, usando a linguaxe, o maxín e a creatividade.



—Sobre que investigas?

Estudo as palabras e como se usan. Tamén me interesa a música e a sociedade. Agora traballo en análise de discursos e traducións de cancións.

—Que é a lexicografía?

O estudo dos **dicionarios**.

No estudo dos dicionarios podemos suxerir cambios importantes. Tamén analizo como falamos e escribimos, e iso axuda a entender mellor o mundo.

dicionario

Ferramenta que serve para aprender como se escriben de forma correcta as palabras, que significan e cantos significados diferentes pode ter unha mesma palabra.



—É fácil equilibrar traballo e vida persoal?

Non. O meu marido deixou o seu traballo para coidar da familia, pero sempre hai que renegociar os roles. As mulleres seguimos tendo moita carga na casa.

—Que erro che ensinou algo?

Non dar importancia á miña escritura creativa. Agora estou comezando a compartila.

—Que fas cando as cousas van mal?

Non renderme. Houbo tempos moi duros, sen traballo e con moita incerteza, pero seguíume adiante.

—Cal é o maior reto nos próximos anos?

A **Intelixencia Artificial** pode mellorar a vida, pero non debería substituír a creatividade humana.

As ferramentas que máis uso son as libretas e o móbil. Apunto todo!

—Que invento che parece impresionante?

As cámaras e gravadoras, porque gardan a memoria.

—Que destacarías da túa investigación?


O compromiso social. Analizar a linguaxe tamén é loitar pola igualdade.

—Que mito sobre aprender linguas queres romper?

Que a gramática é o máis importante.
O fundamental é aprender a comunicarse.

Intelixencia artificial (IA)

Parte da informática que crea sistemas que poidan realizar tarefas que normalmente requiren da intelixencia humana, como a aprendizaxe, o razonamento e a percepción.



UniversidadeVigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

